

Manolo Martínez mostra a súa indignación pola excesiva actuación da policía autonómica na Feira de Becerreá

O Alcalde socialista expón a súa queixa polas consecuencias que pode ter o exceso de celo que se está a aplicar nos mercados e feiras gandeiros da provincia

O rexedor non está en contra de que haxa controis, pero “estes deben realizarse con criterio”; e engade “parece que soamente se está a perseguir aos que traballan en lugar de perseguir aos que delinquen”

BECERREÁ, 6 DE MARZO DE 2015.- O Alcalde de Becerreá, Manolo Martínez, súmase ás queixas que se veñen producindo ante a excesiva presenza da policía autonómica nos mercados gandeiros da provincia. O rexedor socialista indica que esta situación de vixilancia excesiva estase a producir tamén na feira de Becerreá, que se celebra todos os días 3 e 19 de cada mes e que é unha das mellores da provincia de Lugo.

Neste senso, Martínez censura o acoso ao que se está a someter aos feirantes e o exceso de celo que se está a aplicar por parte da policía autonómica, que pode ter como consecuencia o fin dos mercados e feiras de gando que existen en Galicia, e que no caso de Becerreá é unha das sinais de identidade do Concello.

Segundo explica o rexedor, non está en contra de que haxa controis, pero estes deben realizarse con criterio; e engade “parece que soamente se está a perseguir aos que traballan en lugar de perseguir aos que delinquen”.

O socialista expón as súas queixas ante esta situación xa que pode crear un grave prexuízo á feira na que se dan cita gandeiros de toda a comarca e de fóra dela. Unha feira que atrae ao Concello a compradores de Asturias, León, Pontevedra, A Coruña e do resto da provincia de Lugo e, ademais, os visitantes que se achegan á vila a gozar coa tradición. Por iso, a excesiva actuación da policía autonómica, non está soamente afectando aos tratantes que están a participar neste mercado, senón a todos os que se benefician da súa celebración, en definitiva, a toda a cidadanía de Becerreá.